



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000014**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día 29 de abril de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 184 de data 28 de abril/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 22.04.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 22.04.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **A.- Licenza de edificación**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.**

**Expte: 294/2024 Tedec 2024/U022/000019**

**.- Expte. de obras 294/2024.- [REDACTADO] y [REDACTADO] solicitan licenza para as obras de construción de vivanda unifamiliar aillada e piscina nunha parcela situada no Lugar Broño 27, parroquia de Lago (referencia catastral nº 15088A501003330000GD).**

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivanda unifamiliar illada, redactado polo arquitecto Marcos Carou Videla, achegado o 04/10/2024 e visado o 27/09/2024.

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada (memorias e planos 04, 05, 06, 14 e 15), redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 22/01/2025 e visado o 21/01/2025.
- Memoria urbanística e plano 03 (aliñacións), redactados polo mesmo arquitecto e achegados o 21/04/2025.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal con data 22/04/2025 que se emite en sentido **FAVORABLE.**

E visto informe xurídico do secretario municipal con data 25/04/2025 en sentido **FAVORABLE**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] e [REDACTED] **licenza para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada e piscina** nunha parcela situada no **Lugar Broño 27, parroquia de Lago (referencia catastral nº 15088A501003330000GD).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Marcos Carou Videla, ás condicións xerais e as sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 22 de abril de 2025, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.088,95 € ICIO.- 5.009,18 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”**

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000019).

**B.- Rectificación de erro.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE LICENZA DE EDIFICACIÓN (EXPT. NÚM. 285/2024); ADOPTADO NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11.03.2025.**

**Expte obras nº 285/2024 TEDEC 2024/U022/000018**

Na Xunta de Goberno Local do 11.03.2025 apróbase a licenza de edificación de vivenda unifamiliar no Lugar de lugar de Figueredo, parroquia de Pantín (referencia catastral nº 15088A046013540000HR) do expte. 285/2024, promovida por Alberto Rodríguez Romero.

A Secretaría , debidamente autorizada pola Presidencia, fai constar ao respecto a existencia dun erro no acordo e, por extensión, na Licenza e que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio, procede á emenda de dita erro, de xeito que segue:

Onde di: **“ Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxa 2.421,90 € ICIO.- 526,50 ”

Debe dicir: **“ Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: Taxa 526,50 € ICIO.- 2.421,90 €

Sen que o contido do acordo adoptado na sesión do 11.03.2025, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño, o 28 de abril de 2025.

O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U022/000018).**

**3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS: “REPARACIÓN ESTRADAS EN RÚA BOEIRO, AVENIDA COUCE CASAS, PORTO DO CABO, BROÑO, CARREIRA, TARAZA, PADÍN, CAMPÓN E OUTROS” (ADXUDICACIÓN), NÚMERO DE EXPEDIENTE 2024/C003/000007.-**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

Expte.: 2024/C003/000007

Obra: Reparación estradas en rúa Boeiro, avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros

Aprobado o expediente de contratación de: “Reparación estradas en rúa Boeiro, avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” ao abeiro do Plan POS+2024 segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 09/07/2024.

Consta a documentación técnica de D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños canais e portos Colexiado número 27796 cun importe total de 189.808,43 € (IVE incluído); IVE 32.941,96 euros; prezo sen IVE (156.866,47 €).

Licitación: procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, tramitación urxente.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 29 de xullo de 2024 a Mesa de contratación abriu e examinou a documentación do sobre A e acordou:

- 1) Requirir ao licitador AVANZA ENVIRONMENT, S. L. para que no prazo máximo de tres días ao abeiro do artigo 141.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público proceda á subsanación do DEUC aportado adaptando a descrición do procedemento de contratación á presente licitación: Reparación estradas en Rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros do Concello de Valdoviño.
- 2) Analizar a declaración presentada por Construcciones J. Mauri e Hijos, S. L. relativa á súa vinculación con Construcciones Ponciano Nieto, S. L. para acreditar a solvencia económica e técnica co obxecto de valorar a súa admisión ou exclusión no procedemento.

En data 8 de agosto de 2024 a mesa de contratación celebrou sesión para a revisión da documentación aportada polos licitadores en resposta ao requirimento de subsanación realizado acordando que a lista de admitidos é a seguinte (todos os que concorreron á licitación):

NIF: B70385125 Avanza Environment SL

NIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

En data 8 de agosto de 2024 a mesa de contratación celebrou sesión para a apertura de criterios basados en xuízos de valor procedendo á apertura dos sobres das empresas admitidas.

En data 10 de setembro de 2024 a mesa de contratación celebrou sesión para a valoración dos criterios basados en xuízos de valor e unha vez remitida a información polo equipo técnico valoráronse as proposicións de acordo aos criterios do PCAP do seguinte xeito:

NIF: B70385125 Avanza Environment SL:

- Plan de control de calidad Puntuación: 7
- Esquema del plan de seguridad y salud Puntuación: 6.5
- Actuación ambiental Puntuación: 6.7
- Programa de trabajo Puntuación: 14.5

NIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.:

- Plan de control de calidad Puntuación: 13.5
- Esquema del plan de seguridad y salud Puntuación: 9.5
- Actuación ambiental Puntuación: 9.25
- Programa de trabajo Puntuación: 17

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

- Plan de control de calidad Puntuación: 5.5
- Esquema del plan de seguridad y salud Puntuación: 7
- Actuación ambiental Puntuación: 6.5
- Programa de trabajo Puntuación: 13

En data 16 de setembro de 2024 celebrouse sesión da mesa de contratación para a apertura e valoración do criterios evaluables automáticamente e vistas as ofertas económicas aperturados os sobres "C" (Oferta económica e referencias valorables automáticamente), nas que se fai constar que:

NIF: B70385125 Avanza Environment SL:

- Oferta económica: 148512,40 €

NIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.:

- Oferta económica: 155454.67 €

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

- Oferta económica: 146500,00 €

Efectúase a valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación de A Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 156.866,47 euros, resultando:

NIF: B70385125 Avanza Environment SL:

- Oferta económica: 148512.4 Baixa (%): 5,33 Puntuación valoración técnica: 34,70
- Puntuación valoración económica: 9.95

NIF: B15261308 Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.:

- Oferta económica: 155454.67 Baixa (%): 0,90 Puntuación valoración técnica: 49,25
- Puntuación valoración económica: 1.68

NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:

- Oferta económica: 146500 Baixa (%): 6,61 Puntuación valoración técnica: 32,00
- Puntuación valoración económica: 12.34

Polo que a oferta presentada por José No Mantiñán e Hijos Construcciones S. A. resulta unha oferta anormalmente baixa. Polo que a Mesa de Contracción, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

1º REQUERIR á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende a recepción da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire el apartado 15.4.4 del pliego de cláusulas administrativas que reñen a contratación.

En data 17 de decembro de 2024 a Mesa de contratación celebrou sesión para a revisión das sesións celebradas anteriormente e adopción dos acordos pertinentes. Polo que a mesa de contratación indicou o seguinte:

- Ratificáronse as sesións de datas 08/08/2024 correspondentes á apertura de criterios basados en xuízos de valor e a celebrada en data 16/09/2024 na que se procedeu á apertura e valoración de criterios evaluables automaticamente das ofertas económicas presentadas entre as que se puxo de manifesto que a aportada polo licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. resulta ser una oferta anormalmente baixa.

Nesta sesión deuse conta do informe técnico municipal de data 21/10/2024 na que se considerou xustificada a oferta económica presentada por José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionadas.

A continuación procedeuse á suma da valoración dos criterios basados en xuízos de valor e os evaluables automaticamente resultando a seguinte puntuación total:

Licitador	Puntuación valoración técnica	Puntuación oferta económica	Puntuación total
Avanza Environment S L	34,70	9,95	44,65
Ctnes. J. Mauri e Hijos, S. L.	49,25	1,68	50,93
José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.	32	12,34	44,34

Por todo lo expuesto anteriormente la mesa acordou FORMULAR PROPUESTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de obra: **Reparación estradas en rúa Boeiro, Avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros** a favor de la empresa Ctnes. J. Mauri e hijos, S. L., motivado en que é a oferta que obtivo a maior puntuación, previa presentación por el licitador de la documentación para ser adjudicado el contrato.

Segundo acordo de Xunta de Goberno Local de data 2 de xaneiro de 2025 en data 14 de xaneiro de 2025 requeriuse ao licitador Construcciones J. Mauri e Hijos S. L. para que presentase a documentación sinalada na cláusula 16.- Adjudicación- do prego de cláusulas

administrativas particulares que rexen a contratación incluíndo a declaración á que se refire o artigo 140.1.c da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público así como a **garantía definitiva** (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 7.772,73 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra *Reparación estradas en rúa Boeiro, avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros*, o **certificado positivo de atoparse ao corrente** das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT) e o **certificado positivo de atoparse ao corrente** e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) en virtude da cláusula 16.1.9. Requirimento que foi atendido polo licitador en data 17/01/2025.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

**SEGUNDO.-** Adxudicarlle á empresa NIF: B15261308 CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S. L. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: “Reparación estradas en rúa Boeiro, avenida Couce Casas, Porto do Cabo, Broño, Carreira, Taraza, Padín, Campón e outros” no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 155.454,67 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 32.645,48€
- c) Total (a+b): **188.100,15 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado que é a seguinte oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria;

**TERCEIRO.-** Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 188.100,15 euros.

**CUARTO.-** Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños canais e portos colexiado número 27796.

**QUINTO.-** Notificar este acordo aos interesados no expediente administrativo, según o disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.-** Publicar a formalización da presente contratación no Perfil do contratante, ao abeiro do previsto no artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) “

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C003/000007).**

**4º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO: “ADQUISICIÓN DE UN VEHÍCULO /TURISMO PATRULLA PARA POLICÍA LOCAL DE VALDOVIÑO (ADXUDICACIÓN), NÚMERO DE EXPEDIENTE 2024/C005/000001.-**

## “PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Expte.: 2024/C005/000001

Subministro: Adquisición de un vehículo/turismo patrulla para la policía local de Valdoviño

Aprobado o expediente de contratación do subministro de: “Adquisición de vehículo para policía local mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 24/09/2024.

Licitación: procedemento aberto con aplicación de pluralidade de criterios de apreciación automática.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado en data 25/09/2024 e presentadas ofertas, en sesión de data 17 de outubro de 2024 a Mesa de contratación aperturou e examinou a documentación do sobre A e acordou admitir aos catro licitadores que se presentaron: Aplicaciones tecnológicas Juma, S. L., Gonzacar, S. L., Técnicas y Servicios de Automoción, S. A. e Transtel, S. A. ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 17/12/2024 a Mesa de contratación celebrou sesión de ratificación da sesión anterior (a de data 17/10/2024) toda vez que a celebrada anteriormente tivo lugar sen presenza da intervención municipal polo que nesta sesión de ratificación procedeuse a ratificar o acordo anterior e admitir os catro licitadores presentados: Aplicaciones tecnológicas Juma, S. L., Gonzacar, S. L., Técnicas y Servicios de Automoción, S. A. e Transtel, S. A. ao comprobarse correcta a documentación administrativa presentada.

En data 20 de decembro de 2024 a mesa de contratación celebrou sesión para a apertura e valoración dos criterios evaluables automáticamente obténdose os seguintes resultados:

NIF: B29732898 Aplicaciones Tecnológicas Juma s.l.:

- Mejoras: Motor auxiliar/Mayor potencia/Base cargadora y cable- Puntuación: 32 puntos

- Incremento en la garantía: 3 años Puntuación: 6 puntos

- Oferta económica: 34.655,64 € Puntuación: 45,69

PUNTUACIÓN TOTAL: 83,69 puntos

NIF: B15380322 GONZACAR S.L.:

- Mejoras: Motor auxiliar/Mayor potencia/Desfibrilador/Caja 8 balizas/Base cargadora-Puntuación: 40 puntos

- Incremento en la garantía: 1 año - Puntuación: 2 puntos

- Oferta económica: 33.223,00 € Puntuación: 50 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL: 92 puntos

NIF: A41121336 TECNICAS Y SERVICIOS DE AUTOMOCION S.A.:

- Mejoras: Motor auxiliar/Mayor potencia-Puntuación: 30 puntos

- Incremento en la garantía: 3 años Puntuación: 6 puntos

- Oferta económica: 34.692,79 € Puntuación: 45,59 puntos

PUNTUACIÓN TOTAL: 81,59 puntos

NIF: A46063814 TRANSTEL,S.A.:

- Mejoras: Motor auxiliar/Mayor potencia-Puntuación: 30 puntos
  - Incremento en la garantía: 1 año-Puntuación: 2 puntos
  - Oferta económica: 34.666,00 Puntuación: 45,66 puntos
- PUNTUACIÓN TOTAL: 77,66 puntos

Polo que a Mesa de contratación resolveu FORMULAR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN do contrato de subministro 2024/C005/000001 - *Adquisición dun vehículo/turismo patrulla para a policía local de Valdoviño* a favor da empresa B15380322 GONZACAR S.L. motivado en que é a oferta que obtivo a maior puntuación das catro proposicións presentadas; previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicatario do contrato así como elevar esta proposta ante a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación neste procedemento.

Por conseguinte, na sesión de Xunta de Goberno Local celebrada en data 02/01/2025 resolveuse requirir ao licitador para que no prazo de dez días hábiles presentase documentación sinalada na cláusula 15.- Adxudicación- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE: 1.661,15 euros) así como certificados de atoparse ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia aos efectos de poder serlle adxudicado o contrato de subministro de vehículo de policía local polo importe indicado na oferta presentada. Documentación que foi aportada polo licitador en data 20/01/2025 baixo o rexistro de entrada número 202599900000084 e en data 09/04/2025 atendendo o requirimento de subsanación de data 31/03/2025 toda vez que a documentación presentada inicialmente estaba incompleta.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

**SEGUNDO.-** Adxudicarlle á empresa NIF: B15380322 GONZACAR S. L. o contrato de subministro denominado: “Adquisición dun vehículo/turismo patrulla para a policía local de Valdoviño” no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 33.223,00 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 6.976,83 €
- c) Total (a+b): **40.199,83 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado que é a mellor oferta en orde de puntuación e que non está incurso en baixa temeraria;

**TERCEIRO.-** Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 132.62400 por importe de 40.199,83 euros.

**CUARTO.-** Notificar este acordo aos interesados no expediente administrativo, según o disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**QUINTO.-** Publicar a formalización da presente contratación no Perfil do contratante, ao abeiro do previsto no artigo 154 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/C005/000001).**

**5º.-APROBARA A DEVOLUCIÓN DA FIANZA EN METÁLICO DA EXECUCIÓN DE OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS”, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/X002/000001.-**

**“DEVOLUCIÓN DE FIANZA**

**VISTA** a solicitude efectuada en data 12/12/2024 por D. [REDACTED] en representación de SYR-AMG SL de devolución de fianza en metálico correspondente á obra de :

“Reparación de estradas en Beceiros, Domondo, Frádigas e outros”

Verificado mediante informe emitido pola Tesoureiría Municipal que o aval atópase depositado a favor da empresa SYR-AMG SL segundo depósito efectuado en data 14/02/2022.

Visto o informe emitido polo director de obra en data 9 de abril de 2025:

*“Tras ejecutarse las obras de referencia, se firma el acta de recepción el día 05/09/2022, certificando que las obras se encuentran totalmente terminadas y ajustadas al proyecto contratado.*

*Tras realizar una visita a la zona de obras se constata que algunas pistas incluidas en el proyecto, presentaban algún defecto puntual de ejecución. Las carreteras que presentaban estos defectos son las denominadas: Playa, Ladeira, Domondó, Mirós y O Vilar de Lago.*

*Por estar dentro del plazo de garantía y, antes de proceder a la devolución de la garantía constituida por el contratista, éste debería proceder a la subsanación de dichos defectos. Tras comprobarse que los defectos encontrados en dichas carreteras han sido subsanados, se informa favorablemente para proceder a la devolución de la garantía constituida por el contratista de las obras.”*

Considerando que en data 5 de setembro de 2022 foi recepciónada a obra de “Reparación de estradas en Beceiros, Domondo, Frádigas e outros” segundo a acta de recepción que consta no expediente. Visto o período de tempo transcorrido no que foron subsandas as reclamacións ou incidencias á execución de dita obra en virtude do artigo 102.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a vixente no momento de formalización do contrato:

“2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”

#### **PROPONSE:**

DEVOLVER o a fianza en metálico citada pola execución da obra: “Reparación de estradas en Beceiros, Domondo, Frádigas e outros”, por importe de 7.452,46 euros depositada o 14/02/2022 procedendo á transferencia bancaria indicada na solicitude presentada polo interesado.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente) “

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X002/000002).**

**6º.-AUTORIZACIÓN DA SUSPENSIÓN DE LICENZA DE TAXI NUMERO 6 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO INSTADA POR ANTONIO VERGARA HERMIDA, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/X002/000001.-**

**“.-PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA AUTORIZACIÓN DE SUSPENSIÓN DE LICENZA DE TAXI NÚMERO 6 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO INSTADA POR ANTONIO VERGARA HERMIDA.-**

#### **Antecedentes de feito**

Visto a solicitude de don Antonio Vergara Hermida, DNI \*\*4167\*\* co número de rexistro 20250000000288 no que solicita a suspensión da licenza de taxi inscrita no Concello de Valdoviño co número 6 e motivando a súa petición en motivos de conciliación familiar.

A antedita licenza está asociada ao vehículo co número de bastidor [REDACTED] con matrícula [REDACTED] e modelo KIA E-NIRO.

#### **Lexislación aplicable**

A lexislación aplicable é a seguinte:

- A lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- O decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- A lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación dos servicios de transportes urbanos e interurbanos por carretera de Galicia.
- O artigo 10 do Regulamento nacional dos servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóbiles lixeiros aprobado polo Real Decreto 763/179, do 16 marzo.
- Os artigos 21.1.q) e 25.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía

## **PROPÓN**

**Primeiro.-** Conceder ao titular da licenza de taxi número 6 don Antonio Vergara Hermida polo período, que é **de un ano** contados dende o día da notificación deste acordo, conforme ao artigo 15.4 do Decreto 103/2018, de 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo Galicia.

**Segundo.-** Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia.

*/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X002/000001).**

## **7º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*